

ESTRÉANSE NO SALÓN TEATRO AS COPRODUCCIÓNS DO CDG "SUPER8" E "POR QUE O MENIÑO SE COCE NAS FABAS?"

A PROPOSTA DE VOADORA, QUE REFLEXIONA SOBRE O CINE COMO METÁFORA DA MEMORIA, REPRESENTARASE DO 9 AO 11 DE ABRIL

SAPRISTI TEATRO AMOSARÁ EN XUÑO A MONTAXE DIRIXIDA POR ROBERTO LEAL A PARTIR DE TEXTOS DA ROMANESA AGLAJA VETERANYI

O Salón Teatro de Santiago de Compostela será o escenario no que se estreen dúas coproducións do Centro Dramático Galego (CDG) para a actual temporada: *Super8*, da compañía Voadora, que se representará do 9 ao 11 de abril; e dous meses despois, os días 12 e 13 de xuño, a montaxe de Sapristi Teatro titulada *Por que se coce o meniño nas fabas?* Ambos os dous espectáculos forman parte do plano de coproducións do CDG mediante o que, ademais dunha achega económica da AGADIC (Axencia Galega das Industrias Culturais), as dúas compañías privadas disfrutarán de varios días de residencia técnica no Salón Teatro, previos a cadansúa estrea.

SUMARIO

- [1-4] AGADIC
- [5] > Centro Coreográfico Galego
- [6-7] > Centro Dramático Galego
- [7] > Escola de Altos Estudos Musicais
- [8-9] ALERTA!
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS

ESTRÉANSE NO SALÓN TEATRO AS COPRODUCCIÓN DO CDG "SUPER8" E "POR QUE O MENIÑO SE COCE NAS FABAS?"

O resultado é
"un espectáculo sobre
a paixón pola vida,
un espazo amplo para
o libre e o inesperado"

vén da páx. anterior

Super8 é a segunda entrega da triloxía *Lugares Comúns* e terceiro traballo co que comparece a plataforma Voadora, unha compañía galega con vínculos en Portugal na que os seus integrantes –todos eles de pouco máis de trinta anos de idade– combinan a asunción das responsabilidades interpretativas coas de todo tipo de creación artística que implica a montaxe. Así, a dirección e dramaturxia de Marta Pazos, o espazo escénico de Sandra Varela, a música orixinal de José Díaz e Hugo Torres, a iluminación de Baltasar Patiño, o estilismo de Fany Bell e a coreografía de Uxía P. Vaello serven ao traballo actoral dun elenco composto nesta ocasión por José Díaz, Uxía P. Vaello, Marta Pazos, Hugo Torres e Sergio Zearreta.

Lugares Comúns refírese aos espazos –reais e imaxinarios– que compartimos e a como estes puntos de encontro inflúen na procura da identidade do

individuo contemporáneo. A triloxía explora tres eixes temáticos diferentes (o fracaso, a memoria e o paraíso) relacionados co tempo (o presente, o pasado e o futuro).

Formato de comedia musical

No caso de *Super8* abórdase, nun formato de comedia musical, o cine como metáfora da memoria e a memoria como teatro do vivido. O resultado, segundo os seus protagonistas, é "un espectáculo sobre a paixón pola vida, un espazo amplo para o libre e o inesperado". "Poñamos –explican– que a memoria é o cuarto no que almacenamos todas as vellas películas que fomos compilando ao longo da vida. Nos seus andeis amoréanse latas e máis latas de celuloide, e cada unha delas encerra un recordo noso: lembranzas diáfanas, episodios para revivir centos de veces, outros que máis vale esquecer, falsos relatos...". "Somos directores deste filme *amateur* que é a nosa propia vida", conclúen.

Tras a preestrea que realizaron en decembro pasado no FINTA-Teatro Acert (Portugal), Voadora ocupará o Salón Teatro do 5 ao 11 de abril: os primeiros catro días como residentes en ensaios, o venres 9 para a estrea e outras dúas funcións para o público o sábado 10 ás 20:30 h e o domingo 11 ás 18:00 h.

Pola súa banda, Sapristi Teatro presenta en *Por que o meniño se coce nas fabas?* a súa versión da novela da autora romanesa Aglaja Veteranyi (Bucarest, 1962-Zürich, 2002) *Warum das kind in der polenta kocht?*, publicada en Stuttgart en 1999. Con adaptación de



Imaxe promocional de *Por que o meniño se coce nas fabas?*

Quico Cadaval e dirección de Roberto Leal, Nuria Sanz acomete unha intensa interpretación xunto a Nacho Sanz, quen ademais de actuar como músico en escena é autor do espazo sonoro que envolve toda a representación. Tamén participan na montaxe Baltasar Patiño como deseñador de iluminación e Marta Pazos como deseñadora de espazo escénico e vestiario.

O mundo a través dunha nena

A novela orixinal é a historia dunha pequena exiliada do comunismo romanés, que leva unha vida circense ambulante arredor de Europa e África. Escrita a modo de diario, relata o día a día na caravana, nos hoteis e nunha residencia para contar, cun trasfondo tan cruento como verdadeiro, a visión do mundo da protagonista.

No espectáculo, Nuria Sanz sitúase no escenario para contar como Aglaja se suicidou o 3 de febreiro de 2002. Aparece como ela mesma, como unha

actriz que nos vai dar unha información pero, por arte de maxia –a mesma maxia que presidirá toda a obra de teatro– convértese na propia Aglaja contando a súa historia real. Ao tempo, a escenografía, que muda para transformarse nunha pista central cunha bancanda a modo de grada, sitúa ao espectador nun punto de vista non determinado dun circo. A partir de aquí establécese un xogo interpretativo entre a actriz e o seu personaxe, de modo que se sucede a representación de imaxes sacadas da memoria e do maxín da cativa: Aglaja vella, Aglaja morta, Aglaja meniña, súa nai colgándose dos cabelos ou seu pai facendo de paiaso.

Por que o meniño se coce nas fabas? estrearase o sábado 12 de xuño e repetirá función o domingo 13. A compañía estará no Salón Teatro xa desde o luns 7 de xuño como residente.

+info en www.centrodramatico.org,
www.voadora.es
e www.latiamardalina.com



Super 8

A AGADIC DISPÓN 2.290.000 EUROS PARA AS AXUDAS DE 2010 ÁS INDUSTRIAS CULTURAIS

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) destina un importe global máximo de 2.290.000 euros á súa convocatoria anual de axudas ás industrias culturais galegas, que en 2010 incorpora unha sétima liña de apoio dirixida á mellora técnica dos estudos de gravación. Entre as novidades deste ano, cómpre destacar así mesmo a nova clasificación das subvencións á actividade escénica en función do formato dos espectáculos, no canto de por xéneros artísticos, ademais da referencia específica á produción de traballos discográficos.

A convocatoria publicada o 31 de marzo no Diario Oficial de Galicia (DOG) complétase con outras catro modalidades: programa Crédito-Cultura, distribución, salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada e asociacionismo profesional no ámbito das industrias culturais.

A maior dotación económica (1.450.000 euros) corresponde á liña de apoio á actividade escénica (mod. A), na que se insíren sete subcategorías referidas a empresas de nova creación, á produción de espectáculos de pequeno formato, de mediano formato e de gran formato, á produción de espectáculos de

novas tendencias, contemporáneos ou de autor, á continuidade da actividade das compañías inseridas nas submodalidades precedentes e á continuidade de compañías residentes.

Tipos de formato

Neste apartado, a principal modificación refírese ao criterio clasificador das producións subvencionables, de xeito que a anterior categorización canto á xénero escénico (teatro, danza, maxia) é substituída polas novas modalidades relativas ao tamaño dos espectáculos: de pequeno formato (cun máximo de tres actores, actores-manipuladores, bailaríns ou músicos en escena), de mediano formato (entre catro e sete) e de gran formato (máis de sete). Outros dos axustes teñen que ver co desglose das axudas á nova creación en dúas categorías diferenciadas –dunha banda, ás empresas de nova creación nas que xa non se ten en conta a idade máxima dos seus integrantes e doutra, aos espectáculos de novas tendencias–, así como co apoio á consolidación das compañías residentes que o ano pasado resultaron beneficiarias das primeiras axudas a este tipo de formacións.

+ info en www.agadic.info

MODALIDADES DE AXUDAS E IMPORTES MÁXIMOS ASIGNADOS

A. Subvencións á actividade escénica 1.450.000 euros

- A.1. Subvencións a empresas de nova creación
- A.2. Subvencións á produción de espectáculos de pequeno formato
- A.3. Subvencións á produción de espectáculos de mediano formato
- A.4. Subvencións á produción de espectáculos de gran formato
- A.5. Subvencións á produción de espectáculos de novas tendencias, contemporáneos ou de autor
- A.6. Subvencións á continuidade a compañías das modalidades A.1, A.2, A.3, A.4 e A.5
- A.7. Subvencións á continuidade de compañías residentes

B. Programa Crédito-Cultura 40.000 euros

C. Subvencións á produción e promoción de traballos discográficos 110.000 euros

D. Subvencións á distribución 380.000 euros

- D.1. Subvencións á distribución exterior
- D.2. Subvencións para a asistencia a feiras e outras plataformas de distribución
- D.3. Subvencións á distribución de espectáculos en feira

E. Subvencións a salas de teatro e artes escénicas de titularidade privada 160.000 euros

F. Subvencións para o asociacionismo profesional no ámbito das industrias culturais 100.000 euros

G. Subvencións á mellora técnica de estudos de gravación 50.000 euros

CONVOCADA A EDICIÓN 2010 DOS PREMIOS DE LITERATURA DRAMÁTICA DA AGADIC

A AGADIC convocou a edición 2010 dos seus tres premios literarios no eido dramático –XIX Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, V Manuel María de Literatura Dramática Infantil e VIII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidades de público infantil e adulto)–, para os que mantén aberto o prazo de admisión de orixinais até o 11 de xuño.

Cada un dos galardóns e modalidades conta cunha dotación económica de 6.000 euros, ademais de contemplar a posibilidade de que as obras sexan publicadas dentro das coleccións dramáticas que a AGADIC coedita con distintas empresas galegas.

Poderán optar a estes premios, que comparten como obxectivo o estímulo da creación literaria no eido dramático, textos teatrais inéditos escritos en galego e non representados nin premiados noutros certames. Tal e como establecen as bases

publicadas no Diario Oficial de Galicia, o tema e a extensión poderán ser libres, aínda que deberán ter en conta o principio de duración normal dun espectáculo teatral, de xeito que non serán admitidas as obras de teatro breve. No caso do Álvaro Cunqueiro e do Manuel María, quedarán igualmente excluídos os textos para teatro de monicreques.

O xurado, integrado por seis persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e escénico (dous expertos en literatura dramática, dous elixidos entre escritores, dramaturgos, autores e adaptadores, e outros dous entre directores de escena e outros oficios teatrais) dará a coñecer o seu ditame antes do 1 de novembro. Para tomar a súa decisión, valorará aspectos que teñen que ver coa calidade literaria e dramática, a viabilidade escénica, a especificidade de cada premio e o coidado da lingua.

+ info en www.agadic.info



FORMACIÓN

A AGADIC RELANZA O PROGRAMA CREATIVA CUNHA COLABORACIÓN CO FESTIVAL PLAY-DOC

A Axencia Galega das Industrias Culturais iniciou o programa CREATIVA para 2010 mediante unha colaboración co festival Play-Doc de Tui para o desenvolvemento dun taller-seminario para novos realizadores e outras actividades conxuntas de difusión da industria audiovisual de Galicia e do Norte de Portugal.

Baixo o título *O retrato filmado #02 o retrato memoria*, o obradoiro, que se celebrou do 18 ao 21 de marzo, centrou a participación de CREATIVA no certame internacional de cine documental tudense, dentro do que se levaron a cabo, ademais, outras accións conxuntas, tales como un concerto a cargo da banda lisboeta Batida, a incorporación de Dário Silva Oliveira –director do prestixioso Festival Internacional de Curtas de Vila do Conde– ao xurado internacional ou a proxección da película *Luanda, a fábrica da música*, da portuguesa Inés Gonçalves e Kiluanje Liberdade.

A través de CREATIVA, a AGADIC e a Dirección Regional de Cultura do Norte (do Ministério de Cultura de Portugal)

levan adiante un programa cultural interdisciplinar iniciado en decembro de 2009 con catro foros de debate e intercambio (sobre artes escénicas, audiovisual, música e produto gráfico) celebrados en Vigo. Co financiamento a cargo de fondos FEDER da Unión Europea, o proxecto avanzará no presente ano na súa efectividade integradora e de creación de sinerxías de traballo común entre as poboacións asentadas a ambas beiras do Miño.

A incursión de CREATIVA no próximo Festival de Cans (O Porriño); o I Foro Galego-Portugués de Clown e Novo Circo, que terá lugar na Estrada; a exposición Camiño Sonoro, que se amosará en Ourense; varias accións de danza nas rúas de Pontevedra, a visita de axentes culturais galegos a distintos espazos escénicos de referencia do Norte de Portugal, ou unha nova edición dos foros empresariais sectoriais son algunhas das iniciativas previstas pola AGADIC para os vindeiros meses dentro deste programa.

+info en www.creativacultural.com e www.play-doc.com

**PLAY-DOC
NA FRONTEIRA**



29 DE ABRIL DÍA MUNDIAL DA DANZA

A comunidade coreográfica internacional e os afeccionados ao baile conmemoran o Día Internacional da Danza cada 29 de abril, data do aniversario de Jean-Georges Noverre (1727-1810), considerado o fundador do ballet moderno. Coincidindo con esta celebración, instaurada en 1982, o Consello Internacional da Danza (CID) –organismo integrado na UNESCO– distribúe en 200 países dúas mensaxes: a institucional, que asina o seu presidente, Alkis Raftis; e outra escrita por un profesional do sector, responsabilidade que este ano recaeu no bailarín e coreógrafo arxentino Julio Bocca.

+info en www.cid-unesco.org e <http://iti-worldwide.org>

Nacións Unidas proclamou 2010 Ano Internacional do Achegamento das Culturas e designou á UNESCO como organismo principal nesta celebración, tendo en conta a súa experiencia ao longo de máis de 60 anos na promoción do intercambio do coñecemento e da comprensión entre os pobos.

Irina Bokova, nova directora xeral da UNESCO, propuxo unha visión universal, denominada “novo humanismo”, unha visión aberta a toda a comunidade humana, para dar unha resposta humanista á globalización e á crise cara á salvagarda da cohesión social e á preservación da paz.


A Danza, por ser unha parte central de toda cultura, constitúe o medio ideal para reunir personas e culturas de diferentes países. Os festivais promoven na maneira máis vívida o coñecemento recíproco e o respecto á diversidade, sendo centos de millóns as personas que, a nivel internacional, asisten a festivais de danza cada ano. Os mes-

tres que imparten clases en países estranxeiros tenden así unhas pontes inmediatas de comprensión cimentadas nos corpos dos bailaríns, sendo decenas de miles os mestres de danza que cada ano cruzan as fronteiras nacionais para ensinar. Os congresos e as conferencias abertas ofrecen unha valiosa oportunidade para presentar o seu traballo a unha audiencia composta dos seus iguais; son dúcias os encontros internacionais anuais que reúnen investigadores, historiadores e críticos de danza.

Fóra dos festivais, as clases e as conferencias, simplemente ver en televisión a danza dun país estranxeiro, ofrece a imaxe máis vistosa, atractiva e convincente dun grupo distinto.

Para representar graficamente a diversidade cultural, para un achegamento das culturas enraizado nos corpos humanos, non existe mellor medio que a Danza.

Dr. Alkis Raftis



Julio Bocca (foto © ROSALIE O'CONNOR)

A Danza é disciplina, é traballo, é ensinanza, é comunicación. Con ela aforrámonos palabras que se cadra outras persoas non entenderían e, así e todo, creamos un idioma universal que nos é familiar a todos. Procurámonos pracer, fainos libres, e consólanos aos humanos da imposibilidade de voar como os paxaros, achegándonos un pouco ao ceo, ao sagrado, ao infinito.

Velaquí unha arte sublime, diferente cada vez, que se asemella tanto a facer o amor, que ao rematar cada representación quedanos latexando forte o corazón e agardando con ilusión a vindeira vez.

Julio Bocca

UN TOTAL DE 72 PROFESIONAIS DE 7 PAÍSES PARTICIPARON NAS AUDICIÓNS PARA "ETHERIA"

Un total de 72 bailaríns e bailarinas procedentes de sete países de Europa e América participaron nas audicións desenvolvidas polo Centro Coreográfico Galego para seleccionar os titulares das 12 prazas do corpo de baile de *Etheria*. *A viaxe soñada*, o próximo espectáculo da unidade de danza da AGADIC, que será estreado baixo a dirección da coreógrafa coruñesa Mercedes Suárez.

Os aspirantes –a meirande parte deles orixinarios de diferentes puntos de España, pero tamén de Alemaña, Italia, Rusia, Arxentina, Cuba e México– foron preseleccionados entre o total de 147 solicitudes que a unidade de danza da AGADIC recibiu trala convocatoria realizada o pasado mes de febreiro.

As probas, que tiveron lugar os pasados 29 e 30 de marzo na Coruña, consisti-

ron na interpretación conxunta nunha clase de danza clásica académica, a execución individual dunha variación clásica ou contemporánea e unha improvisación. O tribunal estivo presidido por Mercedes Suárez e del formaron parte como vogais dúas profesoras de danza do Centro Coreográfico Galego.

Os 12 bailaríns e bailarinas finalmente seleccionados participarán na que será a cuarta produción do CCG, que evocará por medio da danza, a música e a imaxe o periplo da protagonista, unha relixiosa galega no século IV, na súa

peregrinación de retorno desde Xerusalén até Compostela. Está previsto que, tras un mínimo de dous meses de ensaios, *Etheria*. *A viaxe soñada* poida estrearse diante do público a finais desta primavera.



FOTO: JOSÉ RAMÓN BUGLIOTI



FOTOS: BEGOÑA BAH



O CCG ORGANIZA A CONFERENCIA "A LECTURA E A DANZA", A CARGO DE MARÍA DOLORES FOJÓN

O Salón Teatro de Santiago acolle o próximo 22 de abril ás 19:30 horas a conferencia titulada "A Lectura e a Danza", a cargo da coreógrafa e mestra María Dolores Fojón Polanco. Organizada polo Centro Coreográfico Galego (CCG), a actividade pretende achegar unha visión da danza a través da literatura e preséntase como xeito de aunar as celebracións este mes do Día Internacional do Libro (23 de abril) e do Día Internacional da Danza (29 de abril).

Á conferencia, de entrada libre até completar a capacidade do teatro, seguerá un coloquio cos asistentes no que tamén participará a profesora do CCG Pilar Peña: Farase mención ademais á colección editorial Corpo de Letra, participada pola AGADIC, dentro da que xa se publicaron os volumes *O esgotamento da danza* e *Arquitecturas da mirada* e se está a preparar o que levará por título *Facer historia*.

Fojón defenderá a necesidade de abordar conxuntamente danza e literatura, a través dun repaso ameno polos pensadores e escritores que, ao longo dos séculos, deixaron a súa reflexión sobre a actividade creativa e, concretamente, a coreográfica: Platón, Aristóteles, Cicerón, Rousseau, Kant, Schiller, Schopenhauer, Nietzsche, Wittgenstein, Leonardo da Vinci, Shakespeare, Descartes, Molière, Stendhal, T. Gautier, Tolstoi... Realizará tamén un breve percorrido pola historia da danza en Grecia, Roma, Idade Media, Renacemento e Idade Moderna, Romanticismo, Academicismo, Danza Moderna Americana e Danza Moderna Europea.



María Dolores Fojón

A chamada "literatura bailada" será outro dos aspectos que trasladará ao público, desde a traxedia grega até Lewis Carrol e os nosos contemporáneos, pasando por Shakespeare e Cervantes.

María Dolores Fojón Polanco (León, 1960) estuda dende 1967 ballet clásico, clásico español e folclore na súa cidade natal. En 1977 trasládase a Santiago de Compostela onde, baixo a dirección de Linda Morrison (americana formada na Julliard School of New York), continúa co estudo de ballet clásico, moderno e jazz e realiza cursos de flamenco e escola boleira, danza antiga renacentista e barroca, danza afro-haitiana, bailes de salón, contact improvisation, técnicas corporais para a danza, etc. Completa a súa formación no Laban Center de Londres e na Escola Cubana de Ballet. Obtén o rexistro como profesora da Royal Academy of Dance of London onde completa os estudos até conseguir a categoría de Teacher Diploma. Desenvolve a súa actividade docente dende 1983 e é socia fundadora da escola Ballet Studio Galicia S.L. Combina o traballo de mestra na súa escola coa impartición de conferencias e cursos de danza antiga, danza contemporánea, educación a través do movemento, etc., tanto dentro como fóra de Galicia. Foi codirectora da compañía Bstudio de 1994 a 2001.

FUNCIÓNS TEATRAIS E CONCERTOS COMPARTEN A CARTELEIRA DE ABRIL DO SALÓN TEATRO

A compañía Familie Flöz será un dos principais reclamos da programación do Salón Teatro durante este mes de abril. O grupo alemán representará os días 23 e 24 a súa penúltima montaxe, *Hotel Paradiso*, unha peza de teatro de máscaras, sen texto, con catro actores interpretando a unha infinidade de personaxes. No espectáculo mestúranse moi diversas disciplinas escénicas que dan como resultado un xénero propio e difícil de clasificar, co que a formación recibiu o recoñecemento internacional.

Ademais da estrea de *Super8*, o último espectáculo da plataforma Voadora realizado en coprodución co CDG que abrirá a carteleira mensual coas tres funcións que terán lugar o venres 9, o sábado 10 e o domingo 11; o Salón Teatro prestará o seu escenario ao XVI Festival Internacional de Teatro Universitario, que se desenvolverá do 12 ao 18 de abril.

Canto á programación musical, o espazo do CDG albergará os tres últimos concertos do pri-



BellónMaceiras Quinteto

meiro ciclo do novo programa ST Música Presente, dentro do que se ofrecerán os traballos dos grupos galegos Álvaro Vieito Cuarteto (20 de abril), Ophiusa (27 de abril) e Bellón-Maceiras Quinteto (30 de abril).

O xoves 29 de abril celebrarese, así mesmo, unha nova cita musical da extensión compostelá do Festival Sinsal, coa actuación da cantante argentina Juana Molina, presentada pola crítica como capaz de crear ambientes envolventes e hipnóticos coa súa voz austera e volátil, en combinación cunhas melodías que transitan entre a guitarra e a electrónica. Os seus directos son un auténtico *work in progress* nos que, axudándose de pedais, as cancións van crecendo ante o público.

+ info en www.floez.net e www.centrodramatico.org

REMATA A DISTRIBUCIÓN DE “AS ACTAS ESCURAS” CON MÁIS DE 4.500 ESPECTADORES

Dende que o pasado 15 de xaneiro se estrease *As actas escuras* no Salón Teatro de Santiago, un total de 4.500 espectadores viron esta última produción do CDG, unha obra de Roberto Vidal Bolaño recuperada para os escenarios 18 anos despois da súa escrita da man do director Xúlio Lago e dun elenco integrado por 14 recoñecidos actores e actrices. Esta primeira posta en escena do texto gañador do Premio Xacobeo de Textos Teatrais en 1992 supuxo todo un fito no actual panorama escénico galego, achegando finalmente aos espectadores un gran drama sobre a ocultación da verdade e o sentido da ética no que se reflicten tanto a forza simbólica como o espírito crítico característicos de Vidal Bolaño, un dos grandes nomes do teatro contemporáneo galego e universal.

O período de exhibición de *As actas escuras*, que rematou o 3 de abril cunha función no Teatro Jofre de Ferrol, abrangueu un total de 27 representacións en oito concellos galegos. Así, ademais de Compostela e Ferrol,



As actas escuras (FOTO: TONO ARIAS)

a obra visitou o Pazo da Cultura de Narón, o Teatro Lauro Olmo do Barco, o Teatro Municipal Área Panorámica de Tui, o Centro Cultural Caixanova de Vigo, o Teatro Rosalía da Coruña e o Teatro Principal de Ourense.

Xosé Manuel Olveira “Pico” e Ricardo de Barreiro encabezaron o elenco, do que tamén formaron parte César Cambeiro, Ursia Gago, Jouse García, Mónica García, Teté García, César Goldi, Xoán Carlos Mejuto, Fernando Morán, Rodrigo Roel, Pepe Soto, Agustín Vega e Marcos Viéitez. Estes 14 intérpretes, moitos dos cales tiveron a oportunidade de traballar baixo as ordes de Vidal Bolaño en diferentes espectáculos, encarnaron os trinta personaxes ideados polo autor para desenvolver esta trama, centrada nunha investigación sobre o redescubrimento dos restos do Apóstolo na Compostela da segunda metade do século XIX.

+ info en www.centrodramatico.org

VANESA M. SOTELO E BEGOÑA GARCÍA FERREIRA RECOLLERÁN EN OURENSE O PREMIO DE TEATRO RADIOFÓNICO

O Teatro Principal de Ourense acollerá o 15 de abril o acto de entrega da cuarta edición do Premio Diario Cultural de Teatro Radiofónico, que recollerán Vanesa Martínez Sotelo, polo texto *Indoor*; e Begoña García Ferreira, por *O vento da illa*. As dúas autoras resultaron gañadoras dos galardóns do xurado e da audiencia, respectivamente, dotado cada un deles con 3.000 euros.

Organizado pola Radio Galega e o Centro Dramático Galego, o acto servírase do formato de espazo radioescénico, o que suporá a celebración diante do público dunha mestura de fórmulas de realización propias dun programa de radio, dunha lectura dramatizada e dunha gala de entrega de premios. Así,

haberá lugar para a interpretación en directo de fragmentos dos textos finalistas da edición 2010 do devandito premio –categoría que tamén acadou o título *Nunca me esqueceré de ti*, de David Rodríguez Rodríguez– baixo a dirección de Ánxeles Cuña e con Tito Asorey, Nate Borrajo, Fina Calleja, Fernando Dacosta, Sabela Gago, Elena Seijo e Josito Porto como actores e actrices.

No mesmo acto, concibido como unha emisión especial do programa Diario Cultural, amosarase o libro-CD, publicado por Edicións Xerais de Galicia, co texto e o rexistro das tres obras. O grupo Stranniki porá a música en directo, en tanto que a presentación e as entrevistas aos protagonistas serán conducidas por Ana Romani e Anxo Quintela. O acceso dos espectadores será libre en función da capacidade do teatro.

+ info en www.crtvg.es

CIRCO EXPRESO CLASIFÍCASE PARA O PROGRAMA XÓVENES TALENTOS DO CIRCO EUROPEO

Losing Grip, da compañía con sede en Santiago Circo Expreso, será un dos dez proxectos artísticos beneficiarios do programa Xóvenes Talentos do Circo Europeo (Jeunes Talents Cirque Europe-JTCE), tras ser elixido por un xurado internacional entre o total de 33 finalistas desta iniciativa europea de apoio a novos creadores no ámbito das artes circenses. O dúo que integran Raquel Veganzones e Girisho Gordon participou na mostra clasificatoria organizada a finais de xaneiro polo Centro Dramático Galego (CDG), onde o comité de selección valorou a orixinalidade da proposta de circo aéreo que se desenvolve a partir de dous elementos creados *ad hoc*: un trapezio de tres barras colocadas a modo de escada e un arnés que, camuflado baixo a roupa, lles ofrece novas e sorprendentes formas de suxeición.

Raquel Veganzones e Girisho Gordon accederán agora a un plan de apoio artístico, técnico e económico que, no seu caso, dirixirase principalmente ao desenvolvemento e produción dun espectáculo a partir deste traballo. Así, a organización ofrecerá a cada unha das dez formacións seleccionadas dous períodos de residencia artística

nalgún dos centros adscritos. Ademais, Jeune Talents Cirque garántelles unha difusión a nivel europeo a través de varias iniciativas, como a serie de presentacións públicas que se celebrará a partir de agosto en Copenhague, Estrasburgo, Bruxelas e París.

Cun financiamento de 200.000 euros para o bienio 2009-2010 a cargo da Unión Europea, Xóvenes Talentos do Circo Europeo está encabezado polo centro francés Jeunes Talents Cirque e conta con outras doce entidades asociadas correspondentes a cinco polos ou áreas xeográficas: Illas Británicas, Escandinavia, Europa Central, Europa do Leste e Península Ibérica. Como representante do Polo Ibérico, o Centro Dramático Galego organizará en coordinación co Jeunes Talents Cirque Europe o Encontro Europeo de Xóvenes Artistas que se celebrará do 17 ao 28 de xuño en Santiago de Compostela. O evento –dirixido prioritariamente aos finalistas do proceso de selección de JTCE, pero ao que tamén terán acceso outros artistas interesados en función das prazas dispoñibles– terá dúas vertentes: unha de carácter interno a través de *workshops*, sesións de intercambio artístico e mesas de debate, e outra aberta ao público mediante a exhibición de diferentes espectáculos no Salón Teatro.

+ info en:

www.jeunestalentscirque.org

ESCOLA DE ALTOS ESTUDOS MUSICAIS [EAEM]

ALUMNOS DO CURSO DE COMPOSICIÓN DE ANTÓN GARCÍA ABRIL ESTREAN AS SÚAS OBRAS EN CONCERTO

